

1

Números racionais e irracionais




Neste tema estúdanse os números reais, que son os números racionais e os irracionais.

Comézase coas operacións con fraccións, estúdase a expresión decimal dos números racionais e clasifícanse os devanditos números, segundo a súa expresión decimal, en decimais exactos, periódicos puros e mixtos.

O tema finaliza co estudio dos números irracionais e a súa representación na recta. Tamén se define o erro absoluto que se comete ao aproximar un número decimal e a notación científica.

O ser humano utiliza os números en frecuentes e variadas situacions. Grazas aos números cóntase, ordénase, calcúlase, mídense..., de maneira que se convive coa medida e a súa expresión: teño 6 €, Ernesto mide 1,75 m, a distancia cara ao río é de 2,5 km, etc. Non obstante, hai cantidades que non son tan fáceis de medir, por exemplo, o que mide a nosa galaxia ou o que mide un virus. O ser humano tivo que ir deseñando instrumentos de medida cada vez más sofisticados e formas de expresar esas cantidades medidas. Así, cando o número natural é insuficiente, usamos o número fraccionario e a súa expresión decimal, e para cantidades moi grandes ou moi pequenas, utilizamos a notación científica.

ORGANIZA AS TÚAS IDEAS



1. Divisibilidade

PENSA E CALCULA



Calcula mentalmente:

- | | | |
|------------------|--------------------|----------------------|
| a) M.C.D. (6, 8) | b) M.C.D. (12, 18) | c) M.C.D. (6, 9, 15) |
| d) m.c.m. (2, 5) | e) m.c.m. (6, 9) | f) m.c.m. (3, 4, 6) |

1.1. Múltiplos e divisores

Exemplo

A división $15 : 5$ é exacta:

$$\begin{array}{r} 15 = 5 \cdot 3 \\ 15 \mid 3 \qquad 15 \mid 5 \\ 0 \qquad 0 \end{array}$$

15 é múltiplo de 5 e de 3

3 e 5 son divisores de 15

Un número **b** é **divisor** doutro número **a** se ao dividir **a** entre **b** a división é exacta. Dise tamén que **a** é **múltiplo** de **b**

$$a \mid b \Leftrightarrow a = b \cdot c \Rightarrow \begin{cases} a \text{ é múltiplo de } b \text{ e } c \\ b \text{ e } c \text{ son divisores de } a \end{cases}$$

1.2. Criterios de divisibilidade

Un número é **divisible por 2** se remata en cero ou cifra par.

Exemplo

Os números 30, 54 e 976 son divisibles por 2. Son números pares.

Un número é **divisible por 3** se a suma das súas cifras é múltiplo de 3

Exemplo

Os números 57 e 645 son divisibles por 3

$$\left. \begin{array}{l} 57 \Rightarrow 5 + 7 = 12 \\ 645 \Rightarrow 6 + 4 + 5 = 15 \end{array} \right\} \text{A suma das cifras é múltiplo de 3}$$

Un número é **divisible por 5** se remata en cero ou en cinco.

Exemplo

Os números 20 e 145 son divisibles por 5

1.3. Máximo común divisor

O **máximo común divisor** de varios números **a, b, c, d...,** é o maior dos divisores comuns aos devanditos números.

Represéntase por **M.C.D. (a, b, c, d...)**

Cálculo do máximo común divisor

- Faise a descomposición dos números en factores primos.
- Elíxense todos os factores primos comúns co menor expoñente co que aparecen, e multiplícanse.

Descomposición

40	$2 \cdot 5$	70	$2 \cdot 5$
4	2	7	7
2	2		1
1			

Exemplo

Calcula o máximo común divisor dos números 40 e 70

- a) Faise a descomposición en factores primos.
b) Elíxense os factores primos comúns co menor expoñente.

$$\left. \begin{array}{l} 40 = 2^3 \cdot 5 \\ 70 = 2 \cdot 5 \cdot 7 \end{array} \right\} \text{M.C.D.}(40, 70) = 2 \cdot 5 = 10$$

1.4. Mínimo común múltiplo

O **mínimo común múltiplo** de varios números $a, b, c, d\dots$, é o menor dos múltiplos comúns aos devanditos números, distinto de cero.

Represéntase por **m.c.m.** ($a, b, c, d\dots$)

Cálculo do mínimo común múltiplo

- a) Faise a descomposición dos números en factores primos.
b) Elíxense todos os factores primos comúns e non comúns co maior expoñente co que aparecen, e multiplícanse.

Descomposición

60	$2 \cdot 5$	75	3
6	2	25	5
3	3	5	5
1		1	

Exemplo

Calcula o mínimo común múltiplo dos números 60 e 75

- a) Faise a descomposición en factores primos.
b) Elíxense os factores comúns e non comúns co maior expoñente.

$$\left. \begin{array}{l} 60 = 2^2 \cdot 3 \cdot 5 \\ 75 = 3 \cdot 5^2 \end{array} \right\} \text{m.c.m.}(60, 75) = 2^2 \cdot 3 \cdot 5^2 = 300$$

APLICA A TEORÍA

1 Completa coas palabras *múltiplo* ou *divisor* no teu caderno:

- a) 7 é ... de 56 b) 108 é ... de 3
c) 14 é ... de 2 d) 6 é ... de 48

2 Dos seguintes números: 57, 95, 216, 385, 531, 765, 825, indíca os que son divisibles:

- a) por 2 b) por 3 c) por 5

3 Calcula mentalmente o M.C.D. de:

- a) 8 e 12 b) 6 e 9
c) 10 e 15 d) 8 e 24

4 Busca o M.C.D. de:

- a) 54 e 90 b) 80 e 120
c) 270 e 630 d) 225 e 360
e) 900 e 1200 f) 1512 e 1575

5 Calcula mentalmente o m.c.m. de:

- a) 4 e 6 b) 5 e 10
c) 8 e 12 d) 15 e 20

6 Busca o m.c.m. de:

- a) 12 e 30 b) 60 e 90
c) 140 e 350 d) 150 e 225
e) 900 e 1200 f) 1512 e 1575

7 Dúas barras de aceiro que miden respectivamente 105 cm e 135 cm de lonxitude, deben ser cortadas en anacos iguais. Cal será a máxima lonxitude que poden ter os ditos anacos?

8 Unha lámpada vermella acende cada 120 segundos, e outra lámpada azul, cada 45 segundos. Se se acenden a un tempo e comezamos a contar, cantas veces coincidirán acendidas nunha hora?

2. Operacións con fraccións

29/5

PENSA E CALCULA



Calcula mentalmente as seguintes operacións:

a) $\frac{1}{2} + \frac{1}{4}$

b) $\frac{1}{2} - \frac{1}{4}$

c) $\frac{3}{5} \cdot (-10)$

Configura a calculadora

- a) Para que escriba directamente as fraccións impropias:

MODE (DISP) [1]
(d/c) [2]

- b) Para que utilice a coma como notación decimal:

MODE (DISP) [1] ▶
(Comma) [2]

Simplificar

Nas fraccións hai que simplificar sempre que se poida. Para iso, divídese o numerador e o denominador entre o seu M.C.D.

$$\frac{18}{24} = \frac{18 : 6}{24 : 6} = \frac{3}{4}$$

M.C.D. (18, 24) = 6
18 ab/c 24 = 3 ab/c 4

Fracción oposta

A **fracción oposta** dunha fracción é a que se obtén ao lle cambiar o signo.

Exemplo

A oposta de $\frac{3}{4}$ é $-\frac{3}{4}$

A oposta de $-\frac{2}{5}$ é $\frac{2}{5}$

Exemplo

$$2 \cdot \frac{3}{7} = \frac{2 \cdot 3}{7} = \frac{6}{7}$$

$$2 ab/c 3 ab/c 7 = 6 ab/c 7$$

2.1. Suma e resta de fraccións

A **suma e a resta de fraccións con igual denominador** é outra fracción que ten por:

Numerador: a suma ou a resta dos numeradores.

Denominador: o mesmo que o das fraccións.

A **suma e a resta de fraccións con distinto denominador** é outra fracción que ten por:

Numerador: a suma ou a resta que se obtén ao dividir o m.c.m. dos denominadores entre cada denominador e multiplicar polo numerador correspondente.

Denominador: o m.c.m. dos denominadores.

Ao final da operación hai que simplificar sempre que se poida; é dicir, dividir o numerador e o denominador entre o seu M.C.D.

Exemplo

$$\frac{5}{6} - 2 + \frac{9}{4} = \frac{12 : 6 \cdot 5 - 12 \cdot 2 + 12 : 4 \cdot 9}{12} = \frac{10 - 24 + 27}{12} = \frac{13}{12}$$

m.c.m. (4, 6) = 12

$$5 ab/c 6 - 2 + 9 ab/c 4 = 13 ab/c 12$$

2.2. Multiplicación de fraccións

O **producto de dúas fraccións** é outra fracción que ten por:

Numerador: o producto dos numeradores.

Denominador: o producto dos denominadores.

Exemplo

$$\frac{2}{5} \cdot \frac{3}{4} = \frac{2 \cdot 3}{5 \cdot 4} = \frac{6}{20} = \frac{6 : 2}{20 : 2} = \frac{3}{10}$$

M.C.D. (6, 20) = 2

$$2 ab/c 5 ab/c 3 ab/c 4 = 3 ab/c 10$$

2.3. División de fracciones

Fracción inversa

A **fracción inversa** dunha fracción é a que se obtén ao intercambiar o numerador polo denominador, deixando o mesmo signo.

Exemplo

A inversa de $\frac{2}{3}$ é $\frac{3}{2}$

A inversa de $-\frac{4}{5}$ é $-\frac{5}{4}$

Exemplo

$$a) \frac{3}{5} : \frac{6}{7} = \frac{3}{5} \cdot \frac{7}{6} = \frac{21}{30} \stackrel{\text{M.C.D. (21, 30) = 3}}{=} \frac{7}{10} \quad [3] \boxed{ab/c} 5 \div [6] \boxed{ab/c} 7 = [7] \boxed{ab/c} 10$$

$$b) 5 : \frac{3}{2} = 5 \cdot \frac{2}{3} = \frac{10}{3} \quad [5] \div [3] \boxed{ab/c} 2 = [10] \boxed{ab/c} 3$$

$$c) \frac{3}{4} : 5 = \frac{3}{4} \cdot \frac{1}{5} = \frac{3}{20} \quad [3] \boxed{ab/c} 4 \div [5] = [3] \boxed{ab/c} 20$$

2.4. Xerarquía das operacións

A **xerarquía das operacións** di que, cando se teñen distintas operacións combinadas con fraccións, débese seguir unha orde:

- Parénteses.
 - Potencias e raíces.
 - Multiplicacións e divisións.
 - Sumas e restas.
 - Se as operacións teñen o mesmo nivel, comézase pola esquerda.
- Non se debe esquecer a regra dos signos ao multiplicar ou dividir.

Regra dos signos

$$(+) \cdot (+) = (+)$$

$$(-) \cdot (-) = (+)$$

$$(+ \cdot -) = (-)$$

$$(- \cdot +) = (-)$$

Exemplo

$$\begin{aligned} \frac{2}{3} \cdot \left(\frac{3}{4} - 2 \right) + \frac{7}{6} &= \frac{2}{3} \cdot \frac{3-8}{4} + \frac{7}{6} = \frac{2}{3} \cdot \left(-\frac{5}{4} \right) + \frac{7}{6} \stackrel{\text{M.C.D. (2, 6) = 2}}{=} -\frac{10}{12} + \frac{7}{6} \\ &= -\frac{5}{6} + \frac{7}{6} = \frac{2}{6} \stackrel{\text{(+)} \cdot \text{(-)} = \text{(-)}}{=} \frac{1}{3} \end{aligned}$$

$$[2] \boxed{ab/c} 3 \times ([3] \boxed{ab/c} 4 - [2]) + [7] \boxed{ab/c} 6 = [1] \boxed{ab/c} 3$$

APLICA A TEORÍA

9 Calcula mentalmente:

$$a) \frac{1}{4} + 2 \quad b) 3 - \frac{1}{2} \quad c) 4 \cdot \frac{5}{6}$$

12 Fai as seguintes divisións:

$$a) \frac{8}{3} : \frac{5}{4} \quad b) \frac{24}{5} : 48 \quad c) \frac{7}{18} : \frac{1}{6}$$

10 Realiza as seguintes operacións:

$$\begin{array}{ll} a) \frac{2}{3} - \frac{5}{6} + \frac{7}{4} & b) \frac{4}{9} + \frac{7}{15} - \frac{2}{5} \\ c) \frac{5}{8} - \frac{7}{12} + \frac{1}{4} & d) \frac{3}{70} + \frac{6}{35} - \frac{4}{7} \end{array}$$

13 Realiza as seguintes operacións combinadas:

$$\begin{array}{ll} a) \frac{2}{5} \cdot \frac{5}{4} + \frac{2}{3} : \frac{1}{12} & b) \frac{5}{12} \cdot \frac{1}{10} + \frac{4}{15} : \frac{4}{5} \\ c) \frac{2}{3} \cdot \left(\frac{1}{3} - \frac{5}{6} \right) + \frac{5}{4} & d) \left(\frac{2}{5} - 1 \right) : \frac{2}{15} + \frac{11}{4} \end{array}$$

11 Multiplica as seguintes fraccións:

$$a) \frac{7}{9} \cdot \frac{12}{5} \quad b) 25 \cdot \frac{7}{15} \quad c) 12 \cdot \frac{1}{6} \cdot \frac{3}{4}$$

14 Un camión pode cargar 12 000 kg e leva $\frac{3}{5}$ da carga. Cuntos quilos leva?

15 Dun depósito de 1500 litros sácanse $\frac{1}{6}$ do depósito e 750 litros más. Que fracción queda?


3. Paso entre fracciones e decimais

PENSA E CALCULA



Pasa mentalmente as fracciones a decimais e os decimais a fracciones:

- a) $3 : 2$ b) $7 : 4$ c) $1,5$ d) $0,\overline{3}$



Un **número decimal exacto** está xerado por unha fracción irreductible tal que o seu denominador ten só como factores primos a 2, a 5 ou a ambos.

Exemplo

$$\frac{3}{4} = 0,75$$

Un **número decimal periódico puro** está xerado por unha fracción irreductible tal que o seu denominador non ten como factores primos nin a 2 nin a 5.

Exemplo

$$\frac{5}{3} = 1,\overline{6}$$

Un **número decimal periódico mixto** está xerado por unha fracción irreductible tal que o seu denominador ten como factores primos a 2 e/ou a 5 e algún outro número primo diferente.

Exemplo

$$\frac{17}{6} = 2,8\overline{3}$$

3.1. Números racionais

Os **números racionais** son os que se poden expresar en forma de fracción. Poden ser enteiros, decimais exactos ou periódicos. Representanse pola letra \mathbb{Q} .

Exemplo: a) $6 = \frac{6}{1}$ b) $-\frac{3}{4} = -0,75$ c) $\frac{5}{3} = 1,\overline{6}$ d) $\frac{87}{22} = 3,9\overline{54}$

3.2. Paso de fracción a decimal

Toda fracción se pode expresar como un número decimal. Para pasar de fracción a decimal, realízase a división decimal do numerador entre o denominador. Ao realizar a división, o cociente pode ser:

a) **Número enteiro:** non ten cifras decimais.

Exemplo: $\frac{6}{2} = 3$

b) **Decimal exacto:** ten un número finito de cifras decimais.

Exemplo: $\frac{7}{5} = 1,4$ $7 \div 5 = 1,4$

c) **Decimal periódico puro:** ten un conxunto de cifras decimais que se repiten indefinidamente despois da coma. Chámase **período** ao conxunto de cifras que se repite, e represéntase cun arco enriba das cifras.

Exemplo: $\frac{71}{11} = 6,4\overline{5} = 6,45$ $71 \div 11 = 6,454545$

d) **Decimal periódico mixto:** o período comeza despois de algúnsas cifras decimais que non se repiten. Chámase **antiperíodo** ao conxunto de cifras que non se repiten e que están entre a coma e o período.

Exemplo: $\frac{31}{12} = 2,5\overline{833} = 2,58\overline{3}$ $31 \div 12 = 2,583333$

3.3. Fracción decimal e ordinaria

a) Unha **fracción é decimal** se o denominador é a unidade seguida de ceros, ou unha equivalente. As fracciones decimais dan orixe aos números decimais exactos.

b) Unha **fracción é ordinaria** se non é decimal, é dicir, o denominador non se pode poñer como a unidade seguida de ceros. As fracciones ordinarias dan orixe aos números decimais periódicos.

3.4. Fracción xeratriz

A **fracción xeratriz** dun número decimal exacto ou periódico é unha fracción irreductible na que, ao realizar a división do numerador entre o denominador, obtense como cociente o número decimal dado.

a) Fracción xeratriz dun número decimal exacto

Exemplo

$$2,75 = \frac{275}{100} = \frac{11}{4}$$

↑
M.C.D. (275, 100) = 25

$2,75 = \boxed{\text{ab/c}} \boxed{11 \downarrow 4}$

A fracción xeratriz ten por:

Numerador: o número decimal sen a coma.

Denominador: a unidade seguida de tantos ceros como decimais teña o número.

b) Fracción xeratriz dun número decimal periódico puro

A fracción xeratriz ten por:

Numerador: o resultado da resta do número decimal sen a coma menos a parte enteira.

Denominador: tantos noves como cifras teña o período.

$$\boxed{(\boxed{53} \boxed{-} \boxed{5})} \boxed{\text{ab/c}}$$

$\boxed{9} = \boxed{16 \downarrow 3}$

$$\text{Exemplo: } 5,3 = \frac{53 - 5}{9} = \frac{48}{9} = \frac{16}{3}$$

↑
M.C.D. (48, 9) = 3

c) Fracción xeratriz dun número decimal periódico mixto

A fracción xeratriz ten por:

Numerador: o resultado da resta do número decimal sen a coma menos a parte enteira seguida do anteperíodo.

Denominador: tantos noves como cifras teña o período, seguidos de tantos ceros como cifras teña o anteperíodo.

$$\boxed{(\boxed{2318} \boxed{-} \boxed{23})} \boxed{\text{ab/c}}$$

$\boxed{990} = \boxed{51 \downarrow 22}$

$$\text{Exemplo: } 2,\overline{318} = \frac{2318 - 23}{990} = \frac{2295}{990} = \frac{51}{22}$$

↑
M.C.D. (2295, 990) = 45

APLICA A TEORÍA

- 16** Calcula mentalmente a expresión decimal das seguintes fraccións:
- a) $\frac{1}{4}$ b) $\frac{3}{2}$ c) $\frac{2}{3}$ d) $\frac{2}{5}$
- 17** Calcula mentalmente a fracción dos seguintes números decimais:
- a) 0,75 b) 1,6 c) 0,3 d) 2,5
- 18** Encontra a expresión decimal das seguintes fraccións e clasifica o cociente obtido:
- a) $\frac{8}{3}$ b) $\frac{67}{15}$ c) $\frac{28}{4}$ d) $\frac{39}{20}$
- 19** Calcula o lado dun triángulo equilátero cuxo perímetro mide 26 cm. Como é o decimal obtido?
- 20** Clasifica en fracción ordinaria ou decimal as seguintes fraccións:
- a) $\frac{7}{5}$ b) $\frac{13}{20}$ c) $\frac{4}{9}$ d) $\frac{5}{6}$
- 21** Expresa en forma de fracción os seguintes números decimais:
- a) 3,75 b) 2,83 c) 2,36
- 22** Expresa en forma de fracción os seguintes números decimais:
- a) 4,285714 b) 2,125 c) 2,681
- 23** Expresa en forma de fracción e calcula:
- a) $2,4 + 1,5 \cdot 0,2$ b) $1,\overline{3} + 3,1\overline{6}$

4. Números reais

PENSA E CALCULA




Dados os catetos dos seguintes triángulos rectángulos, calcula a hipotenusa. Se o resultado é un número enteiro, calcula mentalmente a raíz; se non o é, déixao en forma de raíz cadrada.

a) $b = 3\text{ m}$, $c = 4\text{ m}$

b) $b = 1\text{ m}$, $c = 1\text{ m}$

4.1. Os números irracionais




Os **números irracionais** son aqueles que non se poden expresar como cociente de dous números enteiros. A súa expresión decimal non é nin exacta nin periódica.

Exemplo

O cociente entre a lonxitude dunha circunferencia e o seu diámetro é:

$$\pi = 3,1415926535914039\dots \quad \boxed{\pi} = 3,141592654$$



A raíz dun número natural que non sexa exacta é un número irracional.


Exemplo

a) A lonxitude da diagonal dun cadrado de lado 1 cm é:

$$\sqrt{2} = 1,4142135623715\dots \quad \boxed{\sqrt{2}} = 1,414213562$$

b) A lonxitude da aresta dun cubo de 5 cm^3 de volume é:

$$\sqrt[3]{5} = 1,709975947 \quad \boxed{\sqrt[3]{5}} = 1,709975947$$




Representación gráfica


Para **representar números irracionais** que son raíces cadradas, utilízase o teorema de Pitágoras. Cando non é posible dar cun método xeométrico para representar os números, utilízase unha aproximación da súa expresión decimal.

Exemplo

$$\sqrt{5} = \sqrt{2^2 + 1^2}$$




Exemplo



4.2. Os números reais

O conxunto dos números reais está formado polos racionais e os irracionais.



$$\text{Reais } (\mathbb{R}) \left\{ \begin{array}{l} \text{Racionais } (\mathbb{Q}) \left\{ \begin{array}{l} \text{Enteiros } (\mathbb{Z}) \left\{ \begin{array}{l} \text{Naturais } (\mathbb{N}): 0, 1, 2 \\ \text{Negativos: } -1, -2, -3 \end{array} \right. \\ \text{Fraccionarios: } \frac{2}{3}, \frac{7}{6}, -\frac{3}{2} \end{array} \right. \\ \text{Irracionais: } \pi, \sqrt{2}, \sqrt[3]{5} \end{array} \right. \end{array} \right.$$

4.3. Redondeo

Calculadora

Redondea a dous decimais o cociente $8/3$:

MODE Fix 2
8 ÷ 3 = 2,67

Para eliminar o modo redondeo, utilízase:

MODE Norm

Redondear un número consiste en aproximalo mediante outro, de maneira que se a primeira cifra que se suprime é:

- a) 0, 1, 2, 3 ou 4, a cifra redondeada non varía.
- b) 5, 6, 7, 8 ou 9, a cifra redondeada aumenta en un.

Exemplo

Redondea a dous decimais os seguintes números:

- a) $4,52\cancel{3}85 = 4,52$
- b) $3,34\cancel{8}13 = 3,35$
- c) $0,62\cancel{5}43 = 0,63$
- d) $18,59\cancel{7}32 = 18,60$

4.4. Erro absoluto

O **erro absoluto** que se comete ao aproximar un número é o valor absoluto da diferenza entre o valor exacto e o aproximado.

Exemplo

Se se aproxima $\sqrt{5} = 2,236067\dots$ a 2,24 o erro absoluto é:

$$|\sqrt{5} - 2,24| = |2,236067\dots - 2,24| = |-0,003932\dots| = 0,003932\dots$$

4.5. Notación científica

Consiste en expresar un número como produto dun número decimal e unha potencia de 10, de maneira que a parte enteira do número decimal estea comprendida entre 1 e 9

Exemplo

$$3,75 \cdot 10^6 : (2,5 \cdot 10^{-5})$$

3.75 EXP 6 ÷ 2.5
EXP -5 = 1,5 × 10¹¹

A notación científica úsase para expresar números moi grandes ou moi pequenos en valor absoluto.

Exemplo

$$6,168 \cdot 10^{15} \text{ km} = 6\,168\,000\,000\,000\,000 \text{ km}$$

$$2,2 \cdot 10^{-9} \text{ m} = 0,0000000022 \text{ m}$$

APLICA A TEORÍA

24 Clasifica os seguintes números en racionais ou irracionais:

$$\frac{2}{3}, \pi, -7, \sqrt{3}, \frac{1}{2}, \sqrt[5]{7}$$

25 Representa graficamente os seguintes números irracionais:

a) $\sqrt{5}$ b) $\sqrt{6}$

26 Redondea a dúas cifras decimais e calcula:

- a) $3,456 + 0,342 - 2,108$
- b) $15,362 \cdot 3,236$
- c) $45,875 : 3,236$
- d) $2,458 + 42,253 : 8,417$

27 Calcula o erro absoluto se se redondean os seguintes números a dúas cifras decimais:

- a) 3,1415 b) 0,0278 c) 1,2068 d) 5,3975

28 Escribe en notación científica:

- a) 54 689 000 000 000 000
- b) 0,00000000253
- c) A centésima parte dunha milésima.
- d) A dezmillonésima parte de 4 unidades.

29 Calcula:

- a) $3,45 \cdot 10^{12} + 6,3 \cdot 10^{11}$
- b) $4,56 \cdot 10^{-11} - 1,6 \cdot 10^{-10}$
- c) $4,5 \cdot 10^{20} \cdot 3,25 \cdot 10^{-12}$
- d) $2,35 \cdot 10^{-23} : (2,5 \cdot 10^{-18})$

30 O noso sistema solar está situado a 27 700 anos luz do centro da galaxia. Expressa en quilómetros e en notación científica esta distancia sabendo que un ano luz é a distancia que percorre a luz nun ano a 300 000 km/s

Exercicios e problemas



1. Divisibilidade

31 Completa no teu caderno coa palabra múltiplo ou divisor:

- a) 2 é ... de 228 b) 273 é ... de 3

32 Indica cales dos seguintes números son múltiplos de 3:

36, 84, 102, 187 e 204

33 Indica cales dos seguintes números son divisibles por dous:

57, 62, 216, 386 e 531

34 Sinala cales dos seguintes números son divisibles por tres:

42, 60, 95, 104 e 775

35 Indica cales dos seguintes números son divisibles por cinco:

30, 42, 58, 200 e 205

36 Calcula mentalmente o M.C.D. de:

- a) 12 e 16 b) 6 e 15 c) 9 e 45 d) 16 e 24

37 Busca o M.C.D. de:

- a) 120 e 150 b) 140 e 350
c) 378 e 528 d) 720 e 1470

38 Calcula mentalmente o m.c.m. de:

- a) 5 e 6 b) 4 e 6 c) 4 e 12 d) 6 e 8

39 Busca o m.c.m. de:

- a) 70 e 84 b) 168 e 252
c) 240 e 300 d) 80 e 120

2. Operacións con fraccións

40 Calcula mentalmente:

- a) $3 - \frac{1}{2}$ b) $\frac{1}{4} + 2$ c) $\frac{2}{5} + \frac{3}{10}$ d) $\frac{2}{3} - \frac{1}{9}$

41 Calcula mentalmente:

- a) $\frac{7}{5} + \frac{1}{5} + \frac{3}{5}$ b) $\frac{8}{9} + \frac{2}{9} - \frac{5}{9}$

42 Realiza as seguintes operacións:

- a) $\frac{5}{4} - \frac{2}{3} + \frac{3}{2}$ b) $\frac{5}{6} + \frac{7}{12} - \frac{4}{5}$
c) $\frac{5}{9} - \frac{4}{45} + \frac{7}{15}$ d) $\frac{7}{60} + \frac{8}{15} - \frac{3}{8}$

43 Calcula:

a) $\frac{9}{5} - 6 + \frac{13}{15}$ b) $2 - \frac{4}{3} - \frac{3}{8} + \frac{5}{6}$

44 Multiplica as seguintes fraccións:

a) $\frac{3}{8} \cdot \frac{16}{5}$ b) $\frac{4}{7} \cdot \frac{25}{28}$ c) $35 \cdot \frac{4}{15}$ d) $\frac{5}{12} \cdot 4$

45 Fai as seguintes divisións:

a) $\frac{4}{9} : \frac{8}{15}$ b) $\frac{12}{25} : \frac{3}{10}$ c) $\frac{14}{15} : 28$ d) $24 : \frac{56}{5}$

46 Realiza as seguintes operacións combinadas:

a) $\frac{2}{5} \cdot \frac{10}{3} + \frac{1}{4} : \frac{5}{8}$ b) $\frac{2}{5} + \frac{3}{10} - \frac{7}{12} : \frac{5}{4}$
c) $\frac{5}{3} + \frac{3}{4} \cdot \left(\frac{1}{2} - \frac{5}{6} \right)$ d) $\frac{5}{9} - \left(\frac{2}{27} - 1 \right) : \frac{7}{3}$

47 Unha finca de 405 ha ten sementados $\frac{1}{3}$ de trigo e $\frac{2}{5}$ de cebada. Quantas hectáreas se dedicaron a cada cereal?

48 Un dependente vendeu $\frac{2}{7}$ partes dunha peza de lona para toldos, e outro dependente vendeu $\frac{1}{5}$ do resto. Que fracción da peza se vendeu e que fracción queda sen vender?

3. Paso entre fraccións e decimais

49 Calcula mentalmente a expresión decimal das seguintes fraccións:

a) $\frac{3}{4}$ b) $\frac{5}{2}$ c) $\frac{1}{3}$ d) $\frac{4}{5}$

50 Calcula mentalmente a fracción dos seguintes números decimais:

a) 0,25 b) 1,5 c) 0,6 d) 0,4

51 Busca a expresión decimal das seguintes fraccións e clasifica o cociente obtido:

a) $\frac{32}{15}$ b) $\frac{12}{3}$ c) $\frac{17}{4}$ d) $\frac{24}{13}$

52 Clasifica en fracción ordinaria ou decimal as seguintes fraccións:

a) $\frac{25}{6}$ b) $\frac{22}{7}$ c) $\frac{3}{2}$ d) $\frac{29}{12}$

53 Expresa en forma de fracción os seguintes números decimais:

a) $2,\overline{15}$ b) $0,6\overline{81}$ c) 1,2

Exercicios e problemas

54 Expressa en forma de fracción os seguintes números decimais:

a) $\overline{1,3571428}$ b) 2,8 c) 5,36

55 Expressa en forma de fracción e calcula:

a) $3,5 + 1,25 \cdot 0,4$ b) $1,\hat{6} + 1,\hat{8}$

4. Números reais

56 Clasifica como racionais ou irracionais os seguintes números:

$\frac{4}{5}, \pi, 6, \sqrt{9}, \sqrt[3]{7}, \sqrt[3]{2}$

57 Representa graficamente os seguintes números irracionais:

a) $\sqrt{2}$ b) $\sqrt{3}$

58 Redondea a dúas cifras decimais e calcula:

a) $23,567 + 0,413 - 12,085$
b) $0,624 \cdot 1,368$
c) $5,575 : 8,361$
d) $28,508 + 12,534 : 4,197$

59 Calcula o erro absoluto se se redondean a dúas cifras decimais os seguintes números:

a) 6,4135 b) 0,0785
c) 4,9084 d) 7,0985

60 Escribe en notación científica:

a) Tres billóns de euros.
b) 128 458 millóns de toneladas.



Para ampliar

61 Dos seguintes números:

35, 39, 84, 375, 420, 570 e 840, indica os que son divisibles:

a) por 2 e por 3 b) por 2 e por 5

62 Escribe un número que sexa divisible por tres e por cinco.

63 Busca o M.C.D. de:

a) 28 e 360 b) 105 e 168
c) 40, 105 e 160 d) 75, 120 e 210

64 Calcula o m.c.m. de:

a) 50 e 140 b) 180 e 264
c) 54, 126 e 180 d) 48, 160 e 300

65 Realiza as seguintes operacións:

a) $\frac{5}{8} - \frac{7}{16} + 1$ b) $\frac{5}{6} - 1 + \frac{2}{15}$
c) $\frac{1}{3} - \left(\frac{4}{15} + \frac{7}{5} \right)$ d) $\left(\frac{5}{9} - \frac{1}{18} \right) + \frac{3}{2}$

66 Realiza as seguintes operacións:

a) $\frac{12}{5} \cdot \frac{7}{4} \cdot \frac{5}{9}$ b) $\frac{5}{6} \cdot \frac{4}{7} \cdot \frac{15}{2}$
c) $\frac{4}{15} \cdot \frac{5}{3} : \frac{4}{5}$ d) $\frac{2}{3} : \frac{5}{12} \cdot \frac{25}{18}$

67 Opera e simplifica:

a) $\frac{9}{4} \cdot \frac{2}{3} + \frac{7}{8}$ b) $\frac{5}{24} - \frac{1}{4} \cdot \frac{5}{3}$
c) $\frac{3}{8} \cdot \left(\frac{7}{12} - \frac{1}{4} \right)$ d) $\left(\frac{2}{15} + \frac{7}{12} \right) : \frac{5}{12}$

68 Calcula:

a) $\left(\frac{4}{3} - \frac{11}{12} \right) \cdot \left(\frac{5}{6} - \frac{1}{3} \right)$ b) $\left(1 - \frac{2}{5} \right) : \left(\frac{11}{10} - 2 \right)$

69 Fai as operacións seguintes:

a) $\frac{2}{3} : \frac{5}{4} - 2 \cdot \left(1 + \frac{1}{2} \right)$ b) $\frac{3}{4} \cdot 5 \cdot \left(1 - \frac{1}{2} \right) + \frac{3}{2}$

70 Temos 30 sacos de fariña de 85 kg cada un e gastamos $\frac{2}{5}$. Cantos quilos quedan?

71 Vendéronse as $\frac{3}{5}$ partes dun terreo edificable e, posteriormente, $\frac{4}{5}$ partes do que quedaba. Que fracción queda sen vender?

72 Expressa como decimal as seguintes fraccións e clasifica os decimais en exactos, periódicos puros ou periódicos mixtos:

a) $\frac{3}{20}$ b) $\frac{8}{25}$ c) $\frac{45}{15}$
d) $\frac{24}{7}$ e) $\frac{13}{30}$ f) $\frac{16}{25}$

Exercícios e problemas



73 Calcula redondeando previamente a dúas cifras decimais:

- $\frac{1}{3} + 2,45 \cdot (2,753 - 3,257) + \frac{1}{4}$
- $0,659 - \frac{1}{2} + 1,57 : \left(3,75 - \frac{2}{3}\right)$
- $3,567 + 2,5(3,349 - 2,005)$
- $85,247 : 5,658$

74 Calcula o erro absoluto se se redondean a dúas cifras decimais os seguintes números:

- | | |
|-----------|----------|
| a) 18,134 | b) 0,348 |
| c) 3,908 | d) 9,095 |

75 Escribe en notación científica:

- Nove billóns de quilómetros.
- 4 358 millóns de quilogramos.

76 Efectúa as seguintes sumas e restas:

- $\frac{3}{4} + 2 - \frac{5}{6}$
- $\frac{5}{2} + \frac{4}{3} - \frac{7}{6}$
- $\frac{3}{2} - \frac{11}{6} - \frac{5}{4}$
- $\frac{4}{9} - 1 + \frac{5}{6}$

77 Efectúa as seguintes operacións:

- $\left(2 - \frac{5}{7}\right) \frac{14}{3}$
- $\left(\frac{3}{5} + 3\right)\left(2 - \frac{2}{3}\right)$
- $\left(\frac{7}{6} - 2\right) : \frac{3}{4}$
- $\left(\frac{3}{5} - \frac{1}{2}\right)\left(\frac{2}{3} - \frac{4}{5}\right)$

78 Calcula:

- $\frac{7}{5} \cdot \frac{3}{4} - \frac{3}{5} : \frac{3}{10}$
- $\frac{3}{4} : \frac{5}{2} + \frac{2}{5} \cdot \frac{1}{4}$
- $\frac{3}{5} : \frac{3}{10} - \frac{3}{2} \cdot \frac{4}{5}$
- $\frac{2}{7} \cdot \frac{3}{4} + \frac{3}{5} : \frac{7}{10}$

79 Efectúa:

- $\left(\frac{2}{3} - \frac{1}{9}\right) : \frac{10}{3}$
- $\left(\frac{3}{4} - \frac{4}{3}\right) : \left(\frac{3}{2} - \frac{5}{6}\right)$
- $\left(\frac{1}{5} - \frac{3}{4}\right) : \frac{3}{10}$
- $\left(2 - \frac{5}{6}\right) : \left(\frac{3}{4} + \frac{2}{3}\right)$

80 Efectúa as seguintes operacións:

- $\frac{3}{5} - \left(\frac{2}{3} - \frac{2}{5}\right)$
- $\frac{4}{9} \left(\frac{7}{6} - \frac{5}{4}\right)$
- $\frac{3}{4} - \frac{5}{6} : \frac{2}{9}$
- $\left(\frac{4}{3} - \frac{3}{4}\right) : \frac{5}{6}$

81 Calcula:

- $\frac{7}{11} : \left(\frac{3}{2} - \frac{5}{22}\right)$
- $\left(\frac{4}{3} - 2 + \frac{5}{6}\right) \frac{7}{4}$
- $\left(\frac{2}{3} - \frac{5}{6}\right) \left(\frac{4}{5} + 2\right)$
- $\left(\frac{5}{3} - 2\right) \left(\frac{5}{6} + \frac{9}{4}\right)$

82 Efectúa:

- $\left(\frac{1}{4} - 2 + \frac{1}{12}\right) : \left(\frac{5}{12} - \frac{4}{3}\right)$
- $\left(\frac{5}{6} - \frac{3}{2}\right) : \left(\frac{3}{4} - \frac{5}{3}\right)$
- $2 - \left(\frac{5}{3} - \frac{7}{4}\right) : \frac{5}{12}$
- $\left(\frac{3}{4} - 2\right) \left(\frac{3}{5} - \frac{4}{15}\right) : \frac{7}{30}$

83 Efectúa as seguintes operacións:

- $\frac{5}{6} - \frac{2}{3} : \left(\frac{7}{2} - \frac{1}{6}\right)$
- $\frac{5}{4} - \left(\frac{2}{3} - \frac{5}{6}\right) : \left(\frac{3}{2} - \frac{4}{3}\right)$
- $\frac{2}{3} - \left(\frac{5}{6} - \frac{3}{4}\right) \left(\frac{4}{3} - 3\right)$
- $\frac{11}{6} - \frac{2}{9} : \left(\frac{2}{3} - \frac{5}{6}\right)$

84 Efectúa as seguintes operacións:

- $5 - \frac{14}{3} \cdot \frac{9}{7} - \frac{3}{2} : \frac{7}{2}$
- $\left(\frac{3}{4} - \frac{5}{2}\right) : \left(\frac{5}{4} + \frac{1}{2}\right) - \frac{5}{6}$

Exercícios e problemas

c) $\frac{1}{9} : \left(\frac{3}{4} - \frac{5}{6} \right) - \left(\frac{5}{4} - \frac{7}{12} \right)$

d) $\frac{3}{4} : \frac{5}{2} + \frac{5}{4} : \left(\frac{2}{3} + 1 - \frac{5}{6} \right)$

85 Calcula:

a) $\left(\frac{7}{6} - \frac{10}{3} \right) \frac{9}{5} + \frac{14}{3} : \frac{7}{12}$

b) $\left(\frac{3}{2} - \frac{2}{3} \right) \left(\frac{7}{4} - \frac{5}{3} \right) : \frac{2}{9}$

c) $\frac{1}{4} : \left(3 - \frac{3}{8} \right) : \left(\frac{5}{4} - \frac{3}{2} \right)$

d) $\frac{3}{5} \cdot \frac{10}{9} + \frac{3}{2} : \left(\frac{1}{8} + 1 - \frac{3}{4} \right)$

86 Calcula:

a) $\frac{2}{3} : \left(\frac{3}{2} + \frac{5}{6} \right) \left(\frac{7}{6} - 2 + \frac{1}{3} \right)$

b) $\frac{3}{7} - \left(\frac{1}{3} - \frac{5}{6} \right) : \left(\frac{3}{4} + 1 - \frac{7}{6} \right)$

c) $\left(\frac{5}{6} - \frac{3}{4} \right) \left(\frac{3}{4} + 5 - \frac{1}{2} \right)$

d) $\frac{4}{9} \left(\frac{2}{3} + 2 - \frac{1}{6} \right) : \frac{2}{9}$

87 Busca a expresión decimal das seguintes fraccións:

a) $\frac{59}{11}$

b) $\frac{14}{5}$

c) $\frac{31}{6}$

88 Expresa en forma de fracción os seguintes números decimais:

a) $4,8\bar{3}$

b) $2,75$

c) $4,\bar{6}$

89 Busca a expresión decimal das seguintes fraccionas:

a) $\frac{13}{2}$

b) $\frac{55}{12}$

c) $\frac{45}{7}$

Problemas

96 Quérese cubrir con baldosas cadradas unha superficie rectangular de 90 cm de ancho e 300 cm de longo. Cal será a maior lonxitude que debe ter o lado das baldosas para cubrir toda a superficie?

90 Expresa en forma de fracción os seguintes números decimais:

a) $9,\overline{692307}$ b) $6,9\bar{1}\bar{6}$ c) $1,7\bar{5}$

91 Busca a expresión decimal das seguintes fraccionas:

a) $\frac{51}{16}$ b) $\frac{36}{11}$ c) $\frac{13}{6}$

92 Expresa en forma de fracción os seguintes números decimais:

a) $2,\overline{384615}$ b) $2,1\bar{6}$ c) $1,2\overline{954}$

Con calculadora

93 Calcula:

a) $\frac{3}{20} + \frac{1}{8} \cdot \frac{7}{15}$

b) $\frac{5}{4} \cdot \frac{16}{9} - \frac{5}{18}$

c) $\frac{2}{15} \left(5 - \frac{7}{10} \right)$

d) $\left(\frac{11}{5} - 3 \right) : \frac{3}{10}$

94 Calcula as seguintes raíces coa calculadora e represéntaas por aproximación na recta real:

a) $\sqrt{7}$

b) $\sqrt[3]{5}$

95 Calcula:

a) $5,74 \cdot 10^{11} + 6,5 \cdot 10^{12}$

b) $2,62 \cdot 10^{-24} - 7,53 \cdot 10^{-23}$

c) $2,3 \cdot 10^{28} \cdot 4,5 \cdot 10^{-19}$

d) $3,85 \cdot 10^{-15} : (3,5 \cdot 10^{-29})$



97 Un comerciante quere facer lotes de igual tamaño de tres tipos de aceite, para esgotar as existencias de tres depósitos que teñen 680 litros, 600 litros e 728 litros. Cal é o maior número de litros que pode envasar en cada lote? Cuntos lotes fará?

Exercicios e problemas

- 98** Nunha carreira de obstáculos quérese colocar un valado cada 40 m e unha rampla cada 70 m. Que lonxitude mínima debe ter a pista da carreira para que na meta coincidan os dous obstáculos?
- 99** Dous cometos pódense observar cada 50 anos e cada 90 anos, respectivamente. Se se observaron xuntos no ano 2001, cando se volverán ver xuntos?
- 100** No aniversario de Alba comérонse $\frac{2}{3}$ dunha caixa de bombóns; ao día seguinte, $\frac{2}{3}$ do que quedaba, e áinda quedan 6 bombóns. Cantos bombóns tiña a caixa?
- 101** Rubén dispón de 1 000 € e decide facer un donativo de $\frac{3}{10}$ para unha organización de axuda ao Terceiro Mundo e de $\frac{2}{5}$ do que lle queda a outra organización. Canto diñeiro lle queda?
- 102** Nunha cidade hai 12 500 traballadores e traballadoras dos que $\frac{5}{20}$ traballan no sector primario, $\frac{7}{50}$ no sector secundario e o resto no sector terciario. Cantos traballadores e traballadoras hai en cada sector?
- 103** Un depósito cheo contén 5 400 litros. Extráese $\frac{1}{4}$ da súa capacidade e, posteriormente, gástanse 675 litros. Que fracción da capacidade do depósito queda nel?
- 104** Un almacén de pinturas utiliza $\frac{2}{3}$ da superficie para almacenar pinturas, $\frac{1}{4}$ do resto para disolventes e os 600 m^2 restantes para utensilios de pintura. Cantos metros cadrados ten o almacén?
- 105** Nunha caseta da festa do centro escolar, os $\frac{5}{6}$ do diñeiro que se cobrou nun día corresponden á venda de refrescos. Deste diñeiro, os $\frac{4}{7}$ corresponden á venda de refrescos de cola. Se a venda de refrescos de cola foi de 90 €, cal será a recadación da caseta ese día?
- 106** Dun terreo vendéronse os $\frac{2}{3}$ da súa superficie, e despois $\frac{1}{5}$ do resto, quedando 4 ha sen vender. Cal era a superficie do terreo?
- 107** Calcula de forma exacta a lonxitude dunha circunferencia de 5 cm de radio. Clasifica o resultado como número racional ou irracional e exprésalo redondeando a dous decimais.
- Para profundar**
- 108** Unha pelota rebota cada vez a unha altura igual aos $\frac{2}{5}$ da altura da que cae. Se despois de 3 botes se eleva a 0,32 m, cal é a altura desde a que cae?
- 109** Unha tea, despois de lavada, redúcese en $\frac{1}{5}$ da súa lonxitude e en $\frac{1}{16}$ da súa anchura. Que lonxitude se debe comprar dunha peza de tea de 0,8 m de ancho para que, despois de lavada, teñamos 84 m^2 ?
- 110** Sábese que unha determinada carne contén $\frac{1}{5}$ de óso e que, unha vez desosada, perde $\frac{1}{5}$ do seu peso ao ser guisada. Calcula a cantidade de carne con óso que cómpre mercar para que, ao preparar unha comida para 6 persoas, corresponda a cada unha 160 g de carne.
- 111** Un ordenador e unha impresora custan conxuntamente 1 200 €. Se a impresora é $\frac{1}{5}$ do prezo do ordenador, cales son os prezos de cada un dos dous artigos?
- 112** Calcula de forma exacta a altura dun triángulo equilátero de 1 cm de lado. Indica se o resultado é un número irracional ou racional e exprésalo redondeando a dous decimais.
- 113** Un ano luz é o espazo que percorre a luz nun ano. Sabendo que a velocidade da luz é de 300 000 km/s, expresa en quilómetros e en notación científica un ano luz.
- 114** A masa da Terra é $5,98 \cdot 10^{24}\text{ kg}$ e a masa de Neptuno é 17 veces a da Terra. Calcula a masa de Neptuno.
- 115** Calcula o menor número x que cumpra:
$$\text{M.C.D.}(x, 18) = 6$$
- 116** Demostra que a suma de tres números enteros consecutivos é múltiplo de tres.

Aplica as túas competencias



O recibo da luz

117 Remítironos o seguinte recibo de enerxía eléctrica dos dous últimos meses.

Facturación	Euros
1. Potencia contratada: $3,3 \text{ kW} \times 2 \text{ meses} \times 141,5263 \text{ cént. €/kWmes}$	
2. Enerxía consumida: $972 \text{ kW} \times 8,0401 \text{ cént. €/kWh}$	
3. Imposto sobre Electricidade: $4,864\% \times 87,49 \times 1,05113$	
4. Alugueiro de equipos de medida: $2 \text{ meses} \times 57 \text{ cént. €/mes}$	
Total	
5. IVE 16%	
Importe	

Calcula os importes de cada concepto e o total da factura.

Comproba o que sabes



1 Escribe a clasificación dos números reais e pon tres exemplos de cada un deles.

2 Calcula: a) M.C.D. (140, 350) b) m.c.m. (80, 120)

3 Calcula: a) $3 - \frac{1}{2} + \frac{4}{5}$ b) $\frac{1}{4} - 2 + \frac{5}{6}$

4 Realiza as seguintes operacións:

a) $\frac{3}{5} \left(\frac{1}{4} - \frac{7}{8} \right) + \frac{5}{4}$ b) $\left(\frac{7}{12} - 1 \right) : \frac{3}{4} - \frac{5}{3}$

5 Expresa como decimal as seguintes fraccións e clasifica os decimais en exactos, periódicos puros ou mixtos:

a) $\frac{12}{5}$ b) $\frac{8}{9}$ c) $\frac{7}{12}$ d) $\frac{14}{27}$

6 Expresa en forma de fracción e calcula:

a) $2,4 + 1,5 \cdot 0,2$ b) $1,\bar{3} + 3,1\bar{6}$

7 No aniversario de Alba coméronse os $\frac{2}{3}$ dunha caixa de bombóns; ao día seguinte, $\frac{2}{3}$ do que quedaba, e áínda quedan 6 bombóns. Cuntos bombóns tiña a caixa?

8 Tres sacos de café de diferente clase pesan 24 kg, 30 kg e 38 kg. Quérrese envasar todo o café en paquetes iguais do maior peso posible. Calcula canto pesará cada paquete e cuntos paquetes se farán.



1. NÚMEROS RACIONAIS E IRRACIONAIS

Paso a paso

Axusta a configuración: na barra de menú elixe **Opcións/Axustes de Modo.../Simplificación/Restablecer**

118 Calcula a descomposición factorial de 18 000

Solución:

a) Na Entrada de Expresións escribe:

$$18000$$

b) Preme **Introducir Expresión**

c) Na barra de menús elixe:

Simplificar/Factorizar.../Factorizar

$$2^4 3^2 5^3$$

119 Calcula o M.C.D. e o m.c.m. de 720 e 1 200

Solución:

a) Para buscar o M.C.D., na **Entrada de Expresións** escribe:

$$\gcd(720, 1200)$$

b) Preme **Introducir e Simplificar**

$$240$$

c) Para buscar o m.c.m., na **Entrada de Expresións** escribe:

$$\text{lcm}(720, 1200)$$

d) Preme **Introducir e Simplificar**

$$3600$$

120 Calcula: $\frac{2}{3} \left(\frac{3}{4} - 2 \right) + \frac{7}{6}$

Solución:

a) Na Entrada de Expresións escribe:

$$2/3(3/4 - 2) + 7/6$$

b) Preme **Introducir e Simplificar**

$$1/3$$

121 Busca a expresión decimal con 50 decimais do seguinte número real e clasifícalo como decimal exacto, periódico puro, periódico mixto ou irracional:

$$\frac{51}{22}$$

Solución:

a) Na barra de menú elixe:

Opcións/Axustes de Modo.../Simplificación/Precisión

b) Eixe **Díxitos: 50**

c) Na Entrada de Expresións escribe:

$$51/22$$

d) Preme **Introducir e Aproximar**

$$2.3181818181818181818\dots$$

O número é periódico mixto.

e) Para **axustar a configuración**, na barra de menús, elixe:

Opcións/Axustes de Modo.../Simplificación/Restablecer

122 Busca a fracción xeratriz de $2,\overline{318}$

Solución:

a) Na Entrada de Expresións escribe:

$$(2318 - 23)/990$$

b) Preme **Introducir e Simplificar**

$$51/22$$

123 Calcula: $3,5 \cdot 10^{18} : (4,75 \cdot 10^{-9})$

Solución:

a) Na Entrada de Expresións escribe:

$$3.5 * 10^{18} / (4.75 * 10^{-9})$$

b) Preme **Introducir e Aproximar**

$$7.368421052 \cdot 10^{26}$$

Enuncia o seguinte problema e resólveo coa axuda de DERIVE:

124 Tres avións fan escala nun mesmo aeroporto cada 9, 12 e 15 días, respectivamente. Se coinciden o 5 de outubro, cuntos días pasarán ata que volvan coincidir por primeira vez?

Solución:

Formulación: m.c.m.(9, 12, 15)

a) Na Entrada de Expresións escribe:

$$\text{lcm}(9, 12, 15)$$

b) Preme **Introducir e Simplificar**

$$180$$

Os avións coincidirán 180 días despois do 5 de outubro.

125 Internet. Abre a páxina web: www.xerais.es e elixe **Matemáticas, curso e tema**.

Así funciona

O signo de **sumar** é $+$, o de **restar** é $-$, o de **multiplicar** é $*$ ou un espazo en branco, o de dividir é $/$, o de potencia é o acento \wedge e o de raíz cadrada é $\sqrt{}$

Ao comezar a traballar con DERIVE, é conveniente que este funcione como cando se instalou por primeira vez. Para iso, na barra de menús elíxese: **Opcións/Axustes de Modo.../Simplificación/Restablecer**

Barra de entrada de expresións

Nela escríbense as expresións, e logo prémese unha das teclas seguintes, segundo o resultado que se desexe obter, para que pasen á **Ventá de Álgebra**

- | | | |
|--|---|--|
| <input checked="" type="checkbox"/> Introducir Expresión [Intro] | <input type="checkbox"/> Simplificar | <input checked="" type="checkbox"/> Introducir e Simplificar |
| <input checked="" type="checkbox"/> Borra todo | <input checked="" type="checkbox"/> Aproximar | <input checked="" type="checkbox"/> Introducir e Aproximar |

Factorización de números

Elíxese na barra de menús: **Simplificar/Factorizar.../Factorizar**

M.C.D. e m.c.m.

gcd(a, b...) Calcula o M.C.D. de a, b...

lcm(a, b...) Calcula o m.c.m. de a, b... (Observación: en **lcm**, a primeira letra é un “ele”)

Multiplicación e división de fraccións

Para multiplicar e dividir fraccións débense poñer entre parénteses e comprobar sempre na ventá **Álgebra** que se introduciron ben os datos.

Práctica

126 Busca a descomposición factorial de:

- a) 300 b) 630 c) 960 d) 1 288

127 Busca o M.C.D e o m.c.m. de:

- a) 900 e 1 200 b) 75, 120 e 210
c) 1 512 e 1 575 d) 48, 160 e 300

128 Efectúa as seguintes operacións:

$$\text{a) } \frac{4}{9} \left(\frac{7}{6} - \frac{5}{4} \right) \quad \text{b) } \left(\frac{4}{3} - \frac{3}{4} \right) : \frac{5}{6}$$

129 Expresa en forma de fracción os seguintes números decimais:

- a) 3,75 b) 2,83 c) 2,36

130 Busca a expresión decimal con 50 decimais dos seguintes números reais e clasifícalos como decimal exacto, periódico puro, periódico mixto ou irracional:

- a) $\frac{45}{7}$ b) $\sqrt{5}$ c) π d) $\frac{55}{8}$ e) $\frac{547}{22}$

131 Calcula:

$$\begin{aligned} \text{a) } & 9,74 \cdot 10^{12} - 8,5 \cdot 10^{13} + 9,3 \cdot 10^{14} \\ \text{b) } & 3,5 \cdot 10^{-25} : (2,5 \cdot 10^{-34}) \end{aligned}$$

Enuncia os seguintes problemas e resólveos coa axuda de DERIVE:

132 Tres ciclistas saen dun mesmo punto e percorren unha pista circular en 48 segundos, 56 segundos e 60 segundos, respectivamente. Cando se volven atopar por primeira vez?

133 Nunha caseta da festa do centro escolar, os $\frac{5}{6}$ do diñeiro que se cobrou nun día corresponden á venda de refrescos. Deste diñeiro, os $\frac{4}{7}$ corresponde á venda de refrescos de cola. Se a venda de refrescos de cola foi de 90 €, cal foi a recadación da caseta ese día?



1. NÚMEROS RACIONAIS E IRRACIONAIS

Paso a paso

118 Busca a descomposición factorial de 18 000

Solución:

a) Na barra de menús elixe **Edición**

b) Para escribir cada liña de comentario, elixe **Añadir Comentario**. Escribe nun só bloque o número e o título do tema, o nome dos dous alumnos e **Paso a paso**. Para pasar dunha liña á seguinte, sen cambiar de bloque, preme **[Intro]**

1. Os números racionais e irracionais
Xiana Outeiro Vilar
Brais Méndez Eiras
Paso a paso

c) Fai **clic** en **= Calcular** para crear novo bloque.

d) Elixo **Añadir Comentario** e escribe:

Exercicio 118

e) Preme **[Intro]** para cambiar de liña dentro do mesmo bloque.

f) Escribe: **factorizar(18000)**

g) Fai **clic** en **= Calcular**

Exercicio 118
factorizar(18000) → $2^4 \cdot 3^2 \cdot 5^3$

Fai o resto dos exercicios da mesma maneira. Escribe o título da actividade, exercicio ou problema, e o seu número. Despois resólveo.

119 Busca o M.C.D. e o m.c.m. de 720 e 1 200

Solución:

a) Escribe: **mcd(720, 1200)**

b) Fai **clic** en **= Calcular**

240

c) Escribe: **mcm(720, 1200)**

d) Fai **clic** en **= Calcular**

3 600

120 Calcula: $\frac{2}{3} \left(\frac{3}{4} - 2 \right) + \frac{7}{6}$

Solución:

a) En **Operacións**, para escribir cada fracción, elixe **Fracción** e para elixir un tamaño de parénteses que se axuste ao seu contido **Parénteses**

Exercicio 120
 $\frac{2}{3} \left(\frac{3}{4} - 2 \right) + \frac{7}{6} \rightarrow \frac{1}{3}$

121 Busca a expresión decimal con 15 cifras do seguinte número real e clasifícalo como decimal exacto, periódico puro, periódico mixto ou irracional:

$\frac{51}{22}$

Solución:

a) Escribe nun só bloque:

Exercicio 121
precisión(15) → 5
 $\frac{51}{22} \rightarrow 2.318181818182$
O número é periódico mixto.

122 Busca a fracción xeratriz de $2,3\overline{18}$

Solución:

Exercicio 122
 $\frac{2318-23}{990} \rightarrow \frac{51}{22}$

123 Calcula: $3,5 \cdot 10^{18} : (4,75 \cdot 10^{-9})$

Solución:

a) Para os expoñentes, elixe en **Operacións** a opción **Potencia**.

Escribe:

Exercicio 123
 $3.5 \cdot 10^{18} / (4.75 \cdot 10^{-9}) \rightarrow 7.3684 \cdot 10^{26}$

Enuncia o seguinte problema e resólveo con Wiris:

124 Tres avións fan escala nun mesmo aeroporto cada 9, 12 e 15 días, respectivamente. Se coinciden o 5 de outubro, cuntos días pasarán ata que volvan coincidir por primeira vez?

Solución:

a) Formulación: m.c.m.(9, 12, 15)

Problema 124
mcm(9,12,15) → 180
Os avións coincidirán cada 180 días despois do 5 de outubro.

125 Internet. Abre a páxina web: www.xerais.es e elixe **Matemáticas, curso e tema**.

Así funciona

Operacións aritméticas

O signo de **sumar** é **+**, o de **restar** é **-**, o de **multiplicar** é **·**, ou ben, ***** ou deixar un espazo en branco, e o de **dividir** é **/**

Funcións de divisibilidade

factorizar(a) Calcula a descomposición factorial de **a**

mcd(a, b...) Calcula o M.C.D. de **a, b...**

mcm(a, b...) Calcula o m.c.m. de **a, b...**

Parénteses grandes, fraccións, expoñentes e raíz cadrada

Na barra de menús elíxese **Operacións** e selecciónase:

Parénteses

Fracción

Potencia

Raíz cadrada

Notación decimal en Wiris

O **Wiris** utiliza como notación decimal o punto **(.)**, no canto da coma **(,)**

Wiris utiliza a función **precisión(n)**, para indicar o número de cifras significativas coas que desexamos traballar. O maior valor que pode tomar **n** é **15**. Para obter un resultado con decimais, remátase un dos números da operación en punto.

Gardar o documento

Elíxese na barra de menús a opción **Edición** e a ferramenta **Gardar**; na ventá **Opcións de gardar**, activase o botón de opción **Obter un arquivo html adecuado para gardar** e prémese **Aceptar**. Na nova ventá do explorador, elíxese na barra de menús **Arquivo/Gardar como...** búscase a carpeta persoal e pónselle de nome por exemplo **3B01Mate**, se é que sodes do grupo 3º B

Practica

126 Busca a descomposición factorial de:

- a) 300 b) 630 c) 960 d) 1 288

127 Busca o M.C.D e o m.c.m. de:

- a) 900 e 1 200 b) 75, 120 e 210
c) 1 512 e 1 575 d) 48, 160 e 300

128 Efectúa as seguintes operacións:

$$\text{a) } \frac{4}{9} \left(\frac{7}{6} - \frac{5}{4} \right) \quad \text{b) } \left(\frac{4}{3} - \frac{3}{4} \right) : \frac{5}{6}$$

129 Expresa en forma de fracción os seguintes números decimais:

$$\text{a) } 3,75 \quad \text{b) } 2,8\bar{3} \quad \text{c) } 2,\overline{36}$$

130 Busca a expresión decimal con 50 decimais dos seguintes números reais e clasifícalos como decimal exacto, periódico puro, periódico mixto ou irracional:

$$\text{a) } \frac{45}{7} \quad \text{b) } \sqrt{5} \quad \text{c) } \pi \quad \text{d) } \frac{55}{8} \quad \text{e) } \frac{547}{22}$$

131 Calcula:

$$\text{a) } 9,74 \cdot 10^{12} - 8,5 \cdot 10^{13} + 9,3 \cdot 10^{14} \\ \text{b) } 3,5 \cdot 10^{-25} : (2,5 \cdot 10^{-34})$$

Enuncia os seguintes problemas e resólveos coa axuda de Wiris:

132 Tres ciclistas saen dun mesmo punto e percorren unha pista circular en 48 segundos, 56 segundos e 60 segundos, respectivamente. Cando se volven atopar por primeira vez?

133 Nunha caseta da festa do centro escolar, os $\frac{5}{6}$ do diñeiro que se cobrou nun día corresponden á venda de refrescos. Deste diñeiro, os $\frac{4}{7}$ corresponde á venda de refrescos de cola. Se a venda de refrescos de cola foi de 90 €, cal foi a recadación da caseta ese día?